



**Colexio Plurilingüe “La Inmaculada”  
Departamento de Orientación**

Amado Garra Nº 2

Teléfono/Fax 986 64 00 65

36860 Ponteareas

[www.colexioinmaculada.com](http://www.colexioinmaculada.com)

[cpr.lainmaculada.ponteareas@edu.xunta.com](mailto:cpr.lainmaculada.ponteareas@edu.xunta.com)

En Ponteareas a 4 de setembro de 2015

Queridos pais/nais:

Diríxome a vostedes para comunicarlles que este curso e como novidade nós nos podemos facerlles entrega da documentación necesaria para solicitar a Beca de Educación Especial. Tedes que ser vos mesmos os que a imprimades nas vosas casas.

Para iso tedes que facer o seguinte:

- **Entrar na seguinte páxina web:** [www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo-servicios/becas-ayudas-subsuenciones/para-estudiar/primaria-secundaria/beca-necesidad-especifica.html](http://www.mecd.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo-servicios/becas-ayudas-subsuenciones/para-estudiar/primaria-secundaria/beca-necesidad-especifica.html).
- Unha vez dentro da páxina **tedes que pinchar no botón “acceso ao servicio online”**.
- Entraredes na Sede electrónica do Mec e **teredes que decidir entre dúas opcións: Se xa estades rexistrados ou se non o estades**.
- **Se non estades rexistrados** porque non solicitachedes a beca en anos anteriores ou porque non fixéchedes ningún outro tipo de trámite online co Ministerio entrade en **“Rexístrate”** e seguides as instrucións. O normal é a **opción “Rexistro da persoa física sen Certificado Dixital”**.
- Se o solicitante é menor de 14 anos poderá rexistrarse cón documento identificativo do pai, nai, titor legal que sexa membro da familia. Veredes que vos solicitan unha serie de datos persoais (nome, DNI, teléfono móvil, correo electrónico e contrasinal). **É moi importante que vos aseguredes ben de que son correctos, accesibles en calquera momento e que os gardedes nun lugar seguro, xa que serán os datos que empregaredes para acceder á Sede máis adiante e que empregará o Ministerio para porse en contacto con vos. En resumo, é moi importante que o e-mail sexa correcto, xa que o MEC os enviará unha mensaxe para que podades activar a conta. No caso de que non recibades a mensaxe, asegurádevos que non está entrando na carpeta “span” ou “nos correos electrónicos non desexados”**.
- Unha vez recibida a mensaxe e activada a conta **xa podedes entrar na Sede Electrónica como vos indico a continuación**.

- **Se xa estades rexistrados:** porque seguíchedes os pasos anteriores ou porque xa solicitáchedes a beca en anos anteriores, podedes acceder co voso DNI e coa vosa contrasinal. Se tedes problemas para acceder (ben porque non recibíchedes o correo de activación ou porque esquecíchevos do voso contrasinal ou do correo electrónico), na parte inferior veredes que pon **”Esquecín os meus datos/Axuda para entrar”**. **Seguide as opcións que vos presentan.**
- Unha vez que logredes entrar **na parte dereita da pantalla apareceranvos as seguintes opcións: “Modificar os meus datos”**(Nesta opción poderedes modificar os vosos datos básicos que empregáchedes durante o rexistro excepto o nome e o NIF/NIE (teléfono, e-mail e contrasinal). **“Os meus trámites”** (Eiquí podedes ver todos os trámites que fuchedes dando de alta na Sede Electrónica. Se solicitáchedes a Beca por esta vía outros anos podedes localizalas pinchando en **“Becas, axudas, subvencións e premios”**. **”As miñas notificacións”** (Eiquí figurarán todas as notificacións que os envíe o Ministerio relacionadas cós trámites que ides realizando. **É moi importante estar pendente deste apartado para ver as notificacións:solicitudes de datos, resolución, etc...que envíanvos relacionadas coa vosa Beca.)** **“Xustificantes de rexistro electrónico”** (De momento aparecerá sen contido).
- **Na parte esquerda da pantalla pinchamos en “Becas, axudas, subvencións e premios”**. Aparecerán as opcións por estudos (bacharelato, formación profesional, etc...). Escollemos os nosos e aparecerán as convocatorias abertas para eses estudos (lembrade que esta é a de **“Axuda para alumnos con Necesidade de Apoio Educativo para o curso 2015-2016”**).
- **Xa poderemos ver “Información da convocatoria” ou “Formulario de solicitude e consulta de solicitudes”**. Ao pinchar nesta última xa poderedes cumprimentar a Beca se pinchades en **“Acceso ao trámite”**.
- **Como cumprimentamos a Beca? Na folla 1:** cubriredes os datos persoais do alumn@ e no apartado de discapacidade cubriredes si/non dependendo de que o alumn@ teña recoñecido un grao de minusvalía do 33% ou superior. **Na folla 2:** poredes os membros da unidade familiar distintos ao solicitante e pincharedes en gardar familiar. Poderedes comprobar como van saíndo filas por debaixo do solicitante. **Na folla 3:** cubriredes os datos da familia numerosa, nos apartados de grao de minusvalía poredes (1,2,..) e no recadro dependendo do número de afectados (só o solicitante e os seus irmáns). **Lembrade que todas estas situacións específicas debedes acreditarlas documentalmente ao presentar a solicitude en formato pdf.**
- **Ao rematar de cubrir este formulario, poderedes comprobar de novo todos os datos, pulsando nos números que indican as follas do mesmo e, se estades dacordo, pincharedes en aceptar.**
- **Unha vez aceptado, voltaredes á páxina de inicio e pincharedes en imprimir a solicitude. Poredes o identificador de arquivo temporal que aparece na vosa solicitude como (id.temporal) e tamén recibiredes o localizador no correo electrónico que xa facilitáchedes na Sede Electrónica. Imprimiredes a vosa solicitude en formato pdf.**

- **Cómo e onde presentar a Beca?** Unha vez cumprimentada a solicitude telemática, **se o solicitante ten certificado electrónico**, pode completar o proceso electrónico de presentación da solicitude acompañando, a través da páxina web, en formato pdf (escaneando ou anteriormente gardado) a documentación que lle sexa requirida pola propia aplicación, o prazo de presentación de dita documentación é ata o 30 de setembro de 2015 inclusive.
- **Se non tedes certificado dixital**, unha vez cumprimentada a solicitude telemática deberedes imprimir o modelo de solicitude en formato pdf e presentalo asinado por vostedes e polo resto dos membros computables da familia xunto co resto da documentación requirida no centro educativo onde o seu fill@ está escolarizado, que con posterioridade unha vez verificados ditos documentos os enviará as Unidades de Becas.
- **Para rematar, lembrade que tedes de prazo ata o 30 de setembro para presentar a Beca. Se cometíchedes algún erro e aínda atópase no borrador non hai problema, entrades e a modificades. Se xa a enviachedes, poderedes entrar e presentar unha nova (a que vale á a derradeira presentada e as demais quedan anuladas automaticamente). Entrade na Sede Electrónica, buscade a vosa beca no apartado “Os meus trámites” e veredes que enriba da solicitude atópase a seguinte opción:”Se presentachedes unha solicitude e non estades conformes cós datos e desexades presentar unha nova solicitude, pinchade aquí”.** Ao pinchar accederedes a una nova solicitude.

Se tedes algunha dúbida poderedes consultar a seguinte páxina web: [www.becasalestudio.com/como-se-solicita-beca-necesidades-educativas-especificas](http://www.becasalestudio.com/como-se-solicita-beca-necesidades-educativas-especificas) ou á Orientadora do Centro.

Saúdalles atentamente

A ORIENTADORA DO COLEXIO “LA INMACULADA”

Elisa M<sup>a</sup> García Domínguez